

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 07 DE OUTUBRO DO 2021.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Sete de Outubro do Dous mil vinte e un, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 30/09/2021.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/320

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 28/09/2021 "Decreto: Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras do proxecto denominado "PAVIMENTACIÓN E PLUVIAIS NA RÚA TRANSVERSAL Á AVENIDA RAMIRO CARREGAL (POLÍGONO DE XARÁS)""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202109/341

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 30/09/2021 "Decreto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ILUMINACIÓN DO NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O AÑO 2021"

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202110/002

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa en funcións, María José Sampedro Fernández, de data 01/10/2021 "Decreto: Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO NO LUGAR DE AGRELO (OLVEIRA-OLEIROS)""

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRA INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.09.2021:

14649	23.08.2021	ANDRÉS LARANGA VIDAL, cambiar teja en Carolo, 7, Palmeira.
14665	23.08.2021	MARIA DEL MAR CHOUZA PÉREZ, pintar y reparar el lateral de la casa, en rúa da Habana, 17, Ribeira.
14652	23.08.2021	GUADALUPE AGEITOS SANTOS, lavado y pintado exterior de la casa, en Igrexa, 6, Oleiros.
14731	24.08.2021	JUANA LIJÓ FONTAÍÑA, limpeza y pintado de fachada en rúa de Galicia, 70-1º, Ribeira.
16912	22.09.2021	MARIA HERMINIA POUSO MANEIRO, arreglo de tejado, en Xenxides, 26-A, Oleiros.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 30.09.2021:

14764	25.08.2021	MARIA DOLORES RAMA PICO, revestimiento de fachada y cambio de ventanas, en rúa Carroucha, 9, Ribeira.
-------	------------	---

6.- LICENZA MUNICIPAL (nº 5/20) para REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE. PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA (PROXECTO DE EXECUCIÓN). LUGAR DE AREIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA. PROMOTORES: MÓNICA GARCÍA SUÁREZ - JUAN ANTONIO GARCÍA REY

VISTA a solicitude de licenza urbanística (PROXECTO DE EXECUCIÓN) presentada por Dna.Mónica García Suárez (DNI xxx931xxx) e D. Juan Antonio García Rey, (DNI xxx937xxx), rexistrado de entrada o día 5 de decembro de 2019, 5 de febreiro de 2020, (Rexistro de entrada nº 17.013 e 1.632), para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta baixocuberta, sita no lugar de Areeiros, Castiñeiras, Riveira en resultante das parcelas agrupadas co nº 5074A921001720000UZ, 15074A921001730000UU e



15074A921001740000UH e que carecen de refª catastral asignada achegándose Proxecto Básico de novembro de 2019, Planos modificados 1S.2, A1.1, A2.1, A2.3 de novembro de 2019 redactado por Sra Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecto col. nº 2.498).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **arquitecto técnico** en tarefas de asesoramento á corporación o día **9 de setembro de 2021**, o **técnico de administración xeral** de data **23 de setembro de 2021** e o **secretario xeral da Corporación** de data **30 de xullo de 2021**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 5/20, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 20 de febreiro de 2020 a Dna. Mónica García Suárez e D. Juan Antonio García Rey, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de abril de 2020 redactado polo Sra Mª Carmen Gago Fernández, (arquitecto col. nº 2.498), así como Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

7.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA -Alejandro Vázquez Torres

Visto o escrito presentado por **Alejandro Vázquez Torres**, de data 27/09/2021 (Registro de entrada nº 17.313), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela sita no lugar de Campos de Arriba, Ribeira, con refª catastral nº 15074A01400362000KZ.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/09/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela sita no lugar de Campos de Arriba, Ribeira, con refª catastral nº 15074A01400362000KZ.

8.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA- Francisco Monteagudo Ayaso

Visto o escrito presentado por **Francisco Monteagudo Ayaso**, de data 03/09/2021 (Registro de entrada nº 15.368), no que solicita certificación urbanística en relación á vivenda sita na Rúa Santa Uxía nº 9, 4º-C, Ribeira, con refª catastral nº 0716405NH0101N0046SQ.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/09/2021, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Santa Uxía nº 9, 4º-C, Ribeira, con refª catastral nº 0716405NH0101N0046SQ.

9.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA- Carmen Lago Iglesias

Visto o escrito presentado por Patricia Martínez Lago en representación de **Carmen Lago Iglesias**, de data 27/08/2021 (Registro de entrada nº 14.939), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela sita na Rúa Cabasas, Ribeira, con refª catastral nº 0624401NH0102N.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/09/2021, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivenda sita na Rúa Cabasas, Ribeira, con refª catastral nº 0624401NH0102N.

10.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS PROMOTORAS: NIEVES SOUTO FERREIRO-Mª DEL CARMEN OUJO VIDAL. LUGAR: RÚA DA CERCA Nº 60 E RÚA BRAÑA DA ÁREA Nº 3, AGUIÑO, RIBEIRA

VISTA a solicitude de licenza de segregación de fincas presentada por segregación e agrupación de fincas de fincas presentadas por **Dna. Nieves Souto Ferreiro** (D.N.I 52.450.318-Z) e **Dna. Mª del Carmen Oujo Vidal** (D.N.I 52.450.318-Z), en escrito rexistrado de entrada o día 5 de agosto de 2021, (Registro de entrada nº 13.679), con refª catastrais nº 8386103MH9088N0001IW e 8386101MH9088N0001DW, sitas na **Rúa da Cerca nº 60 e Rúa Braña da Área nº 3, Aguiño, Ribeira**, achegándose Estudio Técnico de Segregación de fincas de xullo de 2021 redactado por D. José Manuel Nieto Olveira, (arquitecto técnico) así como Escritura de Propiedade.

ACREDITADO que consta no expediente **plano de cesión** emitido pola oficina técnica con data **22 de setembro de 2021**

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con **datas 2 e 23 de setembro de 2021**, favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación.

VISTO o informe xurídico emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **27 de setembro de 2021**

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **30 de setembro de 2021**



ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER á Dna. Nieves Souto Ferreiro e á Dna.Mª del Carmen Oujo Vidal a **LICENZA DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE FINCA (Nº 7/21)** con refª catastrais nº 8386103MH9088N0001IW e 8386101MH9088N0001DW, sitas na Rúa da Cerca nº 60 e na Rúa Braña da Área nº 3, Aguiño, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de fincas de xullo de 2021 redactado por Sr. José Manuel Nieto Olveira, (arquitecto técnico), resultando finalmente dous fincas de modo que:

- **FINCAS INICIAIS:**

FINCA A con refª catastral nº 8386103MH9088N0001IW *propiedade da Sra. Nieves Souto Ferreiro, que de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 2.012,00 m², que linda: Norte vía pública; Sur arenal - praia do castro; Este finca con refª catastral nº 15074A027004050000KI; Oeste finca con refª catastral nº 15074A027090100000KO.*

FINCA B con refª catastral nº 8386101MH9088N0001IW *propiedade da Sra. Mª del Carmen Oujo Vidal, que de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 282,00 m², que linda: Norte vía pública; Sur arenal - praia do castro; Este finca con refª catastral nº 15074A027004040000KX; Oeste finca con refª catastral nº 15074A027004060000KJ.*

- Da **FINCA A**, *segrégase unha superficie de 484,00 m² que agrégase á FINCA B resultando finalmente:*

- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**

- **FINCA A** con refª catastral nº 8386103MH9088N0001IW, *que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie de 1.528,00 m². que linda: Norte Sra. María del Carmen Oujo Vidal; Sur Rúa da Cerca e finca da Sra. Nieves Souto Ferreiro; Este Sra. Nieves Souto Ferreiro e Sra. Josefa Ayaso Silva; Oeste, finca da Sra. Nieves Souto Ferreiro, Sr. José Ramón Romano Crujeiras, Sra. Josefa Romano Paz, Sr. José Romano Paz e Sr. José Francisco Dios Bretal.*

- **FINCA B** con refª catastral nº 8386101MH9088N0001IW, *que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 766,00 m² que linda: Norte Sra. María Mercedes García Álvarez e Sr. Francisco Oujo Vidal; Sur Sra. Nieves Souto Ferreiro e Sra. Josefa Ayaso Silva; Este Rúa Braña da Area e en parte Sra. Josefa Ayaso Silva; Oeste Sr. José Ramón Romano Crujeiras e en parte Sra. María Mercedes García Álvarez.*

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO**



FIRMANTE - FECHA



ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

11.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTOR: JUAN JOSÉ SIERA VALIÑO. LUGAR:-REIRIZ, OLVEIRA, RIBEIRA

VISTA a solicitude de licenza de segregación de fincas presentada por **D. Juan José Sieira Valiño**, (D.N.I 52.450.318-Z), en escrito rexistrado de entrada o día 31 de agosto de 2021, (Rexistro de entrada nº 15.131), con refª catastral nº 15074A043008090000KE, sita no lugar de Reiriz, Olveira, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de fincas de agosto de 2021 redactado por D. José Manuel Nieto Olveira, (arquitecto técnico) así como Escritura de Propiedade.

ACREDITADO que consta no expediente **plano de cesión** emitido pola oficina técnica con data **22 de setembro de 2021**

VISTO o informe técnico emitido polo arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación con **datas 21 de setembro de 2021**, favorable á concesión da licenza, por resultar conforme coa ordenación urbanística e normativa técnica que lle é de aplicación.

VISTO o informe xurídico emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo con data **23 de setembro de 2021**

VISTO o informe xurídico emitido polo **Secretario Xeral da Corporación** con data **30 de setembro de 2021**

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación



Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO:- CONCEDER a D. Juan José Sieira Valiño, (D.N.I 52.450.318-Z), LICENCIA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS (Nº 8/21), según escrito rexistrado de entrada o día 31 de agosto de 2021, (Rexistro de entrada nº 15.131), con refª catastral nº 15074A043008090000KE, sita no lugar de Reiriz, Olveira, Ribeira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de fincas de agosto de 2021 redactado por D. José Manuel Nieto Olveira, (arquitecto técnico) así como Escritura de Propiedade, resultando finalmente dous fincas de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** Finca con refª catastral nº 15074A043008090000KE, que de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no proxecto a superficie da finca é de 1.603,00 m² que linda: Norte fincas con refª catastrais nº 15074A04300636, 15074A04300644, 15074A04300643; Sur vía pública; Este finca con refª catastral nº 15074A04300634; Oeste finca propiedade Manuel Martínez Lema.
- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **FINCA A (RESTO FINCA MATRIZ)** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 814,00 m², unha superficie de cesión de 95,00 m² resultando unha superficie neta de 719,00 m², que linda: Norte fincas con refª catastrais nº 15074A04300636, 15074A04300644; Sur vía pública; Este finca B resultante da segregación; Oeste finca propiedade Manuel Martínez Lema.
- **FINCA B** que de acordo coa medición realizada e contemplada no proxecto conta cunha superficie bruta de 789,00 m², unha superficie de cesión de 70,00 m² resultando unha superficie neta de 719,00 m², que linda: Norte fincas con refª catastrais nº 15074A04300644, 15074A04300643; Sur vía pública; Este fincas con refª catastrais nº 15074A04300634; Oeste Este finca A resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo o delineante municipal Juan Antonio Sieira Parada comprende unha superficie total de cesión de 165,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da finca A unha superficie de cesión de 95,00 m², e no lindeiro este da finca B unha superficie de cesión de 70,00 m².

SEGUNDO: En atención ao **artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015**, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo



planeamento, que comprende unha superficie total de cesión de 165,00 m², resultando na franxa sita no lindeiro da finca A unha superficie de cesión de 95,00 m², e no lindeiro da finca B unha superficie de cesión de 70,00 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

12.- ACORDO EN RELACIÓN A RECURSO DE REPOSICIÓN SOBRE A SUPERFICIE DE CESIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA Nº 2/21. PROMOTOR: FRANCISCO ROMAY SIEIRA

VISTO que con data 2 de xuño de 2021 (rex de entrada nº 8965) por D. Francisco Romay Sieira (DNI nº xxx310xxx) interpúxose **Recurso de Reposición** en relación á superficie de cesión da licenza de segregación nº 2/21,.

VISTO que con data 10 de setembro de 2021 polo arquitecto municipal D. Martín Cerreda Martín emitiuse **informe técnico** sobre o particular

VISTO o novo **plano de cesion** emitido pola oficina técnica municipal en data outubro de 2021.

VISTO o **informe** emitido con data 1 de outubro de 2021 polo **técnico de administración xeral** adscrito ao departamento de urbanismo D. José Martínez de Llano y Orosa

VISTO o **informe** emitido polo **secretario xeral** da corporación en data 5 de outubro de 2021.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición presentado por D.Francisco Romay Sieira, respecto á **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA Nª 2/21** con refª catastral nº 15074A902017080000UB, sita na Rúa Buenos Aires nº 130, Corrubedo, Riveira, resultando finalmente catro (4) fincas de modo que:

-FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 15074A902017080000UB, que de acordo co levantamento taquimétrico conta cunha superficie de 1.518,23 m² en solo urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada e 3.325,77 m² en Solo Rústico de Protección Ordinaria.

-FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

-FINCA A, (RESTO FINCA MATRIZ), emprazada en Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Agrupada cunha superficie bruta de 515,53 m², unha **superficie de cesión de 14,00 m²** resultando unha **superficie neta de 501,53 m²** que linda: Norte estrada AC-303; Sur Parte Rustica desta 15074A902017080000UB; Este finca B resultante da segregación; Oeste camino asfaltado.

-FINCA B cunha **superficie neta de 500,95 m²**, que linda: Norte estrada AC- 303; Sur Parte Rustica desta 15074A902017080000UB; Este finca C resultante da segregación; Oeste finca A (resto finca matriz), resultante da segregación.

-FINCA C cunha **superficie neta de 501,75 m²**, que linda: Norte estrada AC- 303; Sur Parte Rustica desta 15074A902017080000UB; Este finca con refª catastral nº 15074A90201927; Oeste finca B resultante da segregación.

-FINCA D emprazada en Solo Rústico de Protección Ordinaria que non e obxecto de segregación algunha e mantén a súa integridade cunha superficie neta de 3.325,77 m² en Solo Rústico de Protección Ordinaria, que linda: Norte Finca A resto finca matriz, finca B e finca C resultantes da segregación; Sur finca con refª catastral nº 15074A90201714, finca con refª catastral nº 15074A90201829, e finca con refª catastral nº 15074A90201711; Este finca con refª catastral nº 15074A90201927, finca con refª catastral nº 15074A90201931, finca con refª catastral nº 15074A90201706, e finca con refª catastral nº 15074A90201711; Oeste camino asfaltado e finca con refª catastral nº 15074A90201714.

-SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende **unha superficie total de cesión 14,00 m²** resultando na franxa sita no lindeiro da Finca A, (resto finca matriz).

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).



CUARTO.- Asimismo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

QUINTO:- Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

13.- REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN E SUSPENSIÓN DE PRAZO EN EXPEDIENTE SANCIONADOR POR DESOBEDIENCIA A REQUIRIMENTO DO CONCELLO DE RIBEIRA EN MATERIA DE SANEAMENTO - Sofía Fernández Fernández

EXPEDIENTE: 2021SANC000002

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. Antecedentes

- Informe emitido por Juan Antonio Samartín Iglesias, Xefe de Servizo da empresa concesionaria do servizo de saneamento do Concello de Ribeira (Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.), de data 10 de setembro de 2020, no que se dá conta do estado das conexións de saneamento na rúa Pedro Arias.
- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.
- Na revisión efectuada detectouse que varias vivendas da rúa Pedro Arias non contan con acometida á rede de sumidoiros municipal, xa que seguen vertendo as súas augas fecais a unha antiga canalización sita no interior dos inmobles e que conecta augas abaixo á rede municipal.
- Os servizos técnicos municipais teñen coñecemento dunha grave situación de insalubridade motivada polos vertidos de augas residuais á antiga rede, de imposible reparación ao non poder acceder por estar baixo as vivendas, concretamente no entorno entre os números 2 e 14 da rúa Pedro Arias.
- A vivenda localizada no núm. 6 da rúa Pedro Arias é unha das que non contan con acometida directa á rede de sumidoiros municipal.



- Decreto de Alcaldía, de data 11 de setembro de 2020, mediante o que se inicia expediente de requirimento a Sofía Fernández Fernández (----487B), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518303NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, Ribeira, para que proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 15 de setembro de 2020.

- Escrito presentado por Marcelo Campaña Martínez (----033N), Sofía Fernández Fernández (----487B) e Sabina Castelao Sende (----615A), de data 28 de setembro de 2020 (entrada núm. 12.316), mediante o que presentan alegacións ao requirimento efectuado.

- Decreto de Alcaldía, de data 29 de marzo de 2021, mediante o que se resolve o expediente de requirimento a Sofía Fernández Fernández (----487B), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518303NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, Ribeira, requiríndolle para que nun prazo de dous (2) meses, a contar dende a data de notificación do acordo, proceda a conectar as augas residuais da vivenda á rede municipal empregando a acometida independente executada polo Concello tralas obras de mellora de servizos que se executaron no ano 2006 na rúa Pedro Arias (caída natural), ou ben, mediante bombeo, cara a rede pública localizada na rúa Lorenzo Varela. Notificación practicada en data 26 de abril de 2021.

- Escrito da Alcaldía de data 2 de xullo de 2021, dirixido a Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., mediante o que se lles solicita informe sobre a situación actual das conexións de saneamento das vivendas 2, 4 e 6 da rúa Pedro Arias, Ribeira. Acuse de notificación telemática de data 4 de xullo de 2021.

- Informe técnico emitido por Lidia Golobardas Otero, Xefa de Servizo de Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., de data 8 de xullo de 2021 (escrito con data do 12 de xullo de 2021, entrada núm. 12.295), no que expón o seguinte: *“Unha vez recibida notificación con nº EXPEDIENTE: 2020AUGA000035, en data 04/07/2021, requirindo informe sobre o estado das conexións das vivendas sitas en Rúa Pedro Arias nº2, nº4 e nº6, o Servizo realizou nova inspección das instalacións con data o 08/07/2021.*

Realizada a inspección das vivendas indicadas, comprobouse que as vivendas non se atopan conectadas interiormente ás acometidas exteriores, polo tanto seguen estando conectadas a través da

antiga rede interior que atravesa das vivendas contiguas.

Sen nada mais polo momento, e quedando á súa disposición ante calquera aclaración pertinente no

asunto, despedímonos, aproveitando a ocasión para saudar, moi atentamente.”

- Proposta de inicio de expediente sancionador efectuada polo Técnico Municipal de Medio Ambiente do Concello de Ribeira, de data 28 de xullo de 2021, para a súa aprobación en Xunta de Goberno Local.

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ribeira, en sesión celebrada en data 5 de agosto de 2021, de inicio de expediente sancionador por incumprimento dun requirimento en materia de saneamento. Notificación practicada en data 11 de agosto de 2021.



- Escrito presentado por Sofía Fernández Fernández, de data 27 de setembro de 2021 (entrada núm. 17.298), mediante o que achega alegacións ao inicio do expediente sancionador.

2. Consideracións legais/técnicas

- A solución aos problemas existentes pasa por que cada veciño se conecte á rede de saneamento municipal mediante a correspondente acometida independente, quedando fóra de servizo a antiga canalización interior, que terá que ser anulada.

- Establece o artigo 5 da *Ordenanza de Verteduras e do Servizo Municipal de Saneamento do Concello de Ribeira* (en adiante *Ordenanza de Verteduras*), ao referirse ao ámbito de aplicación da norma, o seguinte: *“1. Inclúense no ámbito desta ordenanza todas as verteduras de augas residuais, de calquera orixe, que se realicen á rede de saneamento de titularidade municipal á que se refire o Artigo 3, ou as que no futuro sexan conectadas. (...)”*

- Establece o artigo 8 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse aos usuarios suxeitos, o seguinte: *“1. Todas as edificacións, industrias ou explotacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, estarán obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos desta ordenanza, tanto nas conexións actuais como nas previstas no futuro. (...)”*

- Establece o artigo 9 da *Ordenanza de Verteduras*, ao referirse á obriga de conexión á rede municipal de saneamento, o seguinte: *“1. A conexión á rede municipal de saneamento será obrigatoria para todos os usuarios (domésticos e non domésticos) que se atopen a menos de 50 metros desta. Non obstante, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais aínda que se supere esa distancia. / (...) 4. A acometida a rede municipal de saneamento definida no Artigo 4.1 terá carácter privativo, incluído o punto de conexión ou entroncamento coa rede municipal, substanciarase a obtención do permiso de acometida conforme o disposto no Artigo 12 e realizarase de acordo cos condicionantes técnicos do ANEXO VIII. Correspóndenlles aos usuarios as obrigas de limpeza, conservación e mantemento da dita acometida a excepción daqueles casos nos que se demostre que a deficiencia ou dano a reparar non é imputable ao mesmo. (...)”*

- Establece o artigo 28.5. da *Ordenanza de verteduras*, ao referirse ás infraccións leves, o seguinte: *“(...) b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, mesmo sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de acometida, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás características técnicas esixidas nesta ordenanza. / (...) h) As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento municipal inferiores a 12.000 euros. / (...) k) A desobediencia aos requirimentos do Concello en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente, das actividades ou procesos que o xeran, ou das instalacións de tratamento previo. / (...) m) Incumprimento de calquera prohibición establecida nesta ordenanza ou a omisión dos actos á que obriga, sempre que non estean considerados como infraccións graves ou moi graves. (...)”*

- *“As accións e omisións das que deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento dos bens de dominio público que conforman o servizo de saneamento*



municipal inferiores a 12.000 euros” está tipificado como infracción leve na *Ordenanza de Verteduras*, de conformidade co previsto no artigo 28.5.h), podendo sancionarse con multas de ata 15.000,00 euros.

- A rúa Pedro Arias conta con rede separativa de augas fecais e pluviais dende o ano 2006, data na que foron executadas polo Concello as obras de renovación dos servizos municipais nesa zona.

- O Concello, de conformidade co previsto no artigo 25.2 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local*, ten atribuída a competencia de protección da salubridade pública, o que implica a adopción das medidas que sexan necesarias para corrixir e reverter situacións de insalubridade.

- Todas as edificacións, tanto públicas como privadas, susceptibles de xeraren verteduras, con independencia do seu uso ou usos compartidos, están obrigadas a cumprir as disposicións e preceptos da *Ordenanza de Verteduras*, a cal establece a obriga de conexión á rede municipal de saneamento para todos os usuarios que se atopen a menos de 50 metros desta. Asemade, por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede municipal de saneamento será determinado polos técnicos municipais.

- O órgano que ten atribuída a facultade de instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións á *Ordenanza de Verteduras* é a Xunta de Goberno Local de acordo co establecido no artigo 32.1 da referida ordenanza.

- O presunto responsable, de conformidade co disposto no punto 2.d) do artigo 64 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, pode recoñecer en calquera momento voluntariamente a súa responsabilidade, cos efectos previstos no artigo 85 (“1. *Iniciado un procedemento sancionador, se o infractor recoñece a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda. / 2. Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se xustificou a improcedencia da segunda, o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. / 3. En ambos casos, cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará reducións de, al menos, o 20 % sobre o importe da sanción proposta, sendo estes acumulables entre si. As citadas reducións, deberán estar determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.*”)

- De conformidade co estipulado no artigo 53 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro*, en calquera momento do procedemento, a parte interesada ten dereito a coñecer o seu estado de tramitación e a acceder e obter copias dos documentos contidos neste.

3. Análises das alegacións presentadas

Sofía Fernández Fernández, titular da finca urbana de referencia catastral 0518302NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, desta cidade, presentou un escrito, de data 27 de setembro de 2021 (entrada núm. 17.298), de alegacións ao inicio do expediente sancionador, no que expón:



“(…) Que, debido a problemas de salud en la familia, no ha podido proceder a la contratación de la mano de obra necesaria para efectuar la acometida directa a la red municipal solicitada.

Que, últimamente, está contactando con varias empresas de saneamiento, al objeto de obtener un presupuesto adecuado para proceder a la realización de la obra. (…)”

Ao respecto do contido das alegacións apréciase a vontade de dar cumprimento ao requirimento da Administración, se ben non se achegan documentos que xustifiquen o incumprimento dos prazos outorgados.

Co ánimo de estimar o contido das alegacións de forma favorable resultaría necesario requirir a incorporación ao expediente dalgún documento xustificativo da intención de contratar os traballos de conexión (presupostos, contratos…) e un cronograma das actuacións previstas asinado pola parte titular/responsable.

4. RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente Ignacio L. Fernández Veiga, de data 04/10/2021, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1. Requirit a Sofía Fernández Fernández (----487B), en calidade de titular da finca urbana de referencia catastral 0518303NH0101N0001YF, localizada na rúa Pedro Arias, núm. 6, Ribeira, para que no prazo de quince (15) días, achegue documentación xustificativa da intención de contratar os traballos de conexión (presupostos, contratos…) e un cronograma das actuacións previstas asinado.
2. Suspender o prazo máximo para resolver o expediente durante o prazo concedido para a achega de documentos, de conformidade co previsto no artigo 22.1.a) da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.
3. Notificar o presente acordo á parte interesada.

14.- SOLICITUDE HABILITACIÓN RESERVA DE PRAZA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MINUSVALÍAS –Moisés Cameán Silva

Visto o escrito presentado por Yolanda Sánchez Cameán en representación de **Moisés Cameán Silva**, de data 21/09/2021 (Rexistro de entrada nº 16.790), no que solicita a habilitación dunha reserva de praza de estacionamento para persoas con minusvalías o máis cerca posible da Rúa Revaleiras, 2 (Palmeira).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 21/09/2021, no que sinala:

“Que una vez en el lugar, y entablado conversación con la requirente, nos manifiesta que en temporada estival tiene dificultad para acceder con el vehículo hasta su domicilio, ya que estacionan coches en medio de la calle.

Dicha vía es una calle sin salida, perfectamente señalizada a su entrada con la señal S-15a, en la cual no hay espacio físico para la ubicación de ninguna plaza de estacionamiento, sin que dificulte la circulación por la misma.

Reseñar que la solicitante tiene espacio en terreno particular para estacionar el vehículo.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante que non é posible a habilitación da reserva de praza de estacionamento solicitada polos motivos sinalados no citado informe policial.

15.- INSTALACIÓN DE ESPELLO VIAL -José Francisco Cameán Valiño

Visto o escrito presentado por **José Francisco Cameán Valiño**, de data 29/09/2021 (Registro de entrada nº 17.418), no que solicita a instalación de espello de tráfico á saída do inmovible situado no lugar de Igrexa, 17 (Oleiros).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 01/10/2021.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación do espello de tráfico solicitado para dar servizo á saída do do inmovible situado no lugar de Igrexa, 17 (Oleiros).
- O importe de adquisición e mantemento do citado espello deberá ser financiado por conta do usuario/solicitante debido a que se trata de dar servizo a un inmovible de uso privado. O custo da instalación será a cargo do Concello de Ribeira.

16.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL – XXXXXX

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 28/09/2021, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por XXXXX XXXXX, mediante escrito de data 10/09/2021 (Registro de entrada nº 15.961).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 27/09/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Conceder a XXXXX XXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **95,80 €**, para sufragar os gastos derivados do pago dun recibo de auga e outro de electricidade.

17.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL – XXXX XXX

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade**, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 28/09/2021, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por XXXXX XXXXX, mediante escrito de data 02/09/2021 (Registro de entrada nº 15.315).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e



visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 28/09/2021, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a XXXXX XXXXX unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **1.600,00 €**, para sufragar os gastos derivados do pago do aloxamento na casa de acollida “A Porteliña”, por un período máximo de catro meses.

18.- AUTORIZACIÓN PARA REVESTIMIENTO E PULIDO DE CORNIXA DAS FURNAS Nº 432 E 433 NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – VICENTE MILLÁN GÓMEZ.

Visto o escrito presentado por María Antonia Rodríguez Santamaría en representación de **Vicente Millán Gómez** (Titular), de data 30/07/2021 (Registro de entrada nº 13.346), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (revestimiento de furnas e pulido de cornixa) nas furnas nº 432 e 433 do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) Autorizar a **Vicente Millán Gómez** á realización de obras de acondicionamento (revestimiento de furnas e pulido de cornixa) nas furnas nº 432 e 433 do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:48 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

